

**Medio século
de desterro americano**
Conversa con Víctor Fuentes



Victor Fuentes é catedrático emérito de literatura española na Universidade de California-Santa Bárbara, onde exerce como profesor desde 1965. Viviu boa parte da guerra civil como neno refuxiado no sur de Francia. Comezou estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Madrid, pero marchou para o desterro en 1954. Despois de vagar por Europa durante dous anos, establecese nos Estados Unidos, e apoiado polos círculos do exilio republicano español, doutorouse na New York University. Nos anos sesenta, viviu en California os anos da revolta universitaria contra a guerra de Vietnam, e iniciou unha estreita colaboración co daquela nacente movemento chicano.

Na súa obra académica salientan estudos como *La marcha del pueblo en las letras españolas* ou *La mirada de Buñuel*. Co pseudónimo *Floreal Hernández* publicou a ficción autobiográfica *Morir en Isla Vista* (1999). Recentemente veu a lume a súa *Bio-Grafía* americana e arestora está a preparar o que será o terceiro volume das súas memorias noveladas.

Impulsor dos estudos sobre a obra literaria do exilio español nos Estados Unidos, prestou atención especial ao contributo galego, como testemuñan os artigos “Arredor da narrativa galega no exilio” e “Constantes galegas no desterro intelectual en Norteamérica” (Grial 145, 163).

Esta entrevista condensa tres intensas conversas que mantivemos nas beiras do Pacífico.

HENRIQUE MONTEAGUDO / FOTOS: DOLORES VILAVEDRA

Comezamos coa túa mocidade en Madrid, na capital da España de Franco, nos anos corenta e dos primeiros cincuenta. Sorprende que nese ambiente tan cerrado, un grupo de xente nova dese conectado coa Europa existencialista, con aquela mocidade que se arrepuña... Como conectabades? Como chegabades a saber de Beckett, ou de Sartre, por exemplo?

No ano 1945, ao perder a guerra Alemaña esborrouse todo o estaribel superestrutural do réxime de Franco; seguía con forza, mais xa non chegaba á mocidade. Todo ese novo mundo que se abre coa posguerra en Europa, nos Estados Unidos: con iso se conecta. Conectábase por medio de elementos como o Liceo Francés, o Instituto Británico... Coas primeiras saídas a Francia comezou a chegarnos o existencialismo, algo máis adiante a obra de Camus, e realmente todo comezou a abrirse. Foi así especialmente cando entrei na Facultade de Dereito, en 1952; o SEU (sindicato estudantil do réxime, controlado por Falanxe) seguía a ser moi forte, pero xa os mesmos falanxistas querían abrirse un pouco. O TEU, o grupo de teatro, foi un instrumento cultural: abrímonos ás obras de fóra, Bernanos, Eliot, Shakespeare; logo chegou o cinema italiano neorealista... Si, e existiu a influencia francesa e do cinema italiano. Os TEU foron moi importantes. Na España franquista representabamos *Asasinato na catedral*, de Eliot, *Diálogos de carmelitas*... É curioso, unha obra estreada en París facíamola en Madrid en 1952 ou 1953. Para o ano cincuenta e un ou cincuenta e dous xa existían esa apertura e ese contacto.

Ao mesmo tempo foi moi importante que estivésemos a vivir o exilio interior: a nosa España era esa España que nos quitaran, así que, en certo modo, seguíamos a vivir a República

por medio da familia e de todos os nosos antecedentes.

Deste xeito, non se produciu unha gran ruptura; malia a asfixia e o illamento, eramos conscientes da apertura que constituía a España republicana, tiñamos presentes a Unamuno, a Ortega, e nese sentido a nosa mirada apuntaba cara a fóra, cara a Europa.

Na túa obra autobiográfica percíbese que sempre tiveches conciencia de derrotado. Nese sentido, e como acabas de explicar, hai unha continuidade, non hai unha ruptura tan grande entre a túa xeración e a da preguerra, porque ti te sentías tan derrotado coma se estiveses na fronte.

Sen dúbida. Nós fomos os vencidos. É algo que non gusta e hai moita xente que está en contra do exilio interior, pero realmente para min volver a España despois da colonia francesa, onde como neno estivera refuxiado boa parte da Guerra Civil, significa volver ao exilio interior.

Como vos chega a memoria da República nese momento? Pola vía familiar?

Meu pai fora o xefe de escolta de varios ministros da República, estudara con Fernando de los Ríos en Granada, fora compañeiro de Lorca. Na miña universidade, ademais, había persoas de igual traxectoria, persoas cuxos pais tamén figuraran dalgunha maneira. O máis interesante é que, ao mesmo tempo, eramos os nenos da guerra, isto é, unha nova xeración, a que chaman a xeración do cincuenta e seis, ou do medio século: xa romperamos con certas cousas, estabamos moi abertos ao panorama francés, especialmente.

O curioso é que continúa trinta anos máis. Na universidade, por exemplo, había mozos como Tamames, Mújica ou Pradera que formaron parte da España da Transición e logo da España

democrática: vese que houbo certa continuidade, aínda que, desde logo, o edificio do réxime estaba aí, tan sólido.

Un aspecto moi interesante é a túa dobre condición persoal. O teu perfil non é estritamente intelectual, non es soamente un universitario, senón que estás en contacto con medios obreiros; en certo modo, parece estar entre dous mundos.

En efecto. Por unha banda vivía nunha tradición do anarquismo; meu pai, policía e todo, fora anarquista, visitabamos algúns persoeiros anarquistas, no seu día persoas famosas. Este sentimento cara ao mundo obreiro era para nós case evanxélico, por así dicilo: os anarquistas tiñan esa dimensión de humanidade, de liberdade, de xenerosidade... A iso súmase que, por posición de clase, nós eramos desclasados; viviamos nunha rúa medio burguesa, Alberto Aguilera, nunha casa bastante boa, pero en certo modo eramos a familia do querer e non poder, os de *Miau* de Galdós. Os barrios en que nos moviamos —Malasaña, as rúas adxacentes a Fuencarral— estaban cheos de fillos de obreiros; o meu equipo de fútbol integrábanos rapaces de barrio; o billar, o grupo social a partir dos quince anos, congregaba a todo o mundo. En efecto, sempre houbo esa presenza na miña vida.

O teu contacto co mundo obreiro non che facilitou máis tarde esa túa conexión *beatnik*, por así chamarlle, esa actitude case contestataria, contracultural?

Si, en certo modo parte dese ambiente do billar. Outros mozos, como Pradera, Tamames ou Mújica, pertencían a familias burguesas; no seu caso a cuestión tiña máis de ideolóxica, de teórica. Eu, en troques, vivíao desde aquel outro mundo. Ao mesmo tempo, desde o mo-



mento en que saín a Inglaterra, dalgunha maneira xa desde Francia, formabamos parte da mocidade contestataria, os *outsiders*, os inconformistas...

Sempre que falas da túa chegada aos Estados Unidos en 1956, expresas o teu agradecemento cara aos círculos do exilio español con que te atopaches en Nova York, mais tamén sería interesante que expuxeses a túa visión crítica, entendida como contraste de visións, de xeracións, de estilos vitais e intelectuais.

Eu chegaba xa como mozo rebelde, era o *outsider*, o inconformista. O grupo con quen eu me trataba en Nova York era un colectivo moi establecido de republicanos exiliados. Certamente houbo sempre persoas que se mantiñan á marxe, mais os círculos con que eu tratei conformaban, sen dúbida, un grupo moi establecido. Eran familias burguesas liberais, intelectuais: a familia García-Lorca, Ángel del Río, Ernesto da Cal, Montesinos; grandes figuras, españois que alcanzaron boas

posicións académicas, e que en consecuencia vivían unha vida do *establishment*, mais coa dualidade de seren republicanos, de seguiren sendo exiliados.

Mais si, non cabe dúbida de que existía esa diferenza de xeración e de modo de vida, non en balde eu era unha persoa inconformista, marxinal, con certas simpatías, como dicías, cos *beatniks*. Frecuentaba os ambientes *beatniks*, aínda que aquela era outra cultura diferente da miña. Naqueles primeiros anos do meu exilio a ligazón cultural con España era aínda moi forte, e eu sempre consideraba aquelas manifestacións como algo distinto a nós.

A vida social era moi agradable, para min era coma continuar aquela vida que non vivira na República; no Nadal convidábanme á cea de Noiteboa, por exemplo. A través deles eu integreime definitivamente no mundo do exilio americano, tan extraordinario desde o punto de vista cultural: Adorno, Nabokov... O curioso é que eu, primeiro con certa inconsciencia, e logo cada vez con máis percep-

ción, me situaba como mozo aprendiz intelectual, mais no mundo dos grandes persoeiros do exilio. Entre eles existía unha excelente relación: amizades, lazos familiares, vida social. A vida cultural, a memoria cultural en que habitaban: para eles era seguir a vivir, aínda no exilio, a vida republicana.

Por exemplo, pola vía do teatro.

Certo. Mantiñan a tradición de Lorca, de La Barraca, mais xa no teatro da Universidade de Columbia. Por exemplo, Margarita Ucelay, que durante a República colaborara co Teatro de Cámara, onde actuara García-Lorca e se representaran algunhas das súas obras. Era un círculo moi cerrado de españois, ben establecido, pero tamén bastante "queimado" polo macarthismo; a persecución de McCarthy caeu sobre varios dos seus membros, producíronse denuncias entre eles... E logo, como reacción a todo iso, o anticomunismo; que por exemplo foi moi esaxerado en Eugenio Granell e outros dos que formaran parte do POUM. As

súas reaccións eran viscerais, porque era algo que xa viviran en España. Con todo, e a pesar dese clima de macarthismo que perseguíu a varios deles, o grupo vivía tamén dentro da influencia —supoño que indirecta— da CIA. A relación da universidade co *establishment* era moi marcada. Non cabe dúbida de que falamos de intelectuais que van á busca da verdade e da liberdade, pero sempre hai conexións coa política establecida, e máis daquela. Máis adiante chega outra vez a gran rebelión coa guerra de Vietnam. Cando esta comezou, no sesenta e catro, eu estaba na Universidade de Columbia. Eu sitúei-me en contra da guerra, e eles, con algunha excepción que non recordo, máis ou menos tamén.

Dá a impresión de que os exiliados non se incorporaron á vida intelectual estadounidense.

Moi poucos. Algúns deles si, pero moi poucos. Da Cal era, quizais, o que máis participaba. Cómpre recordar que na vida americana existía unha marcada discriminación. O grande Américo Castro, en Princeton, Montesinos etc. fixeron un labor importantísimo dentro do mundo académico norteamericano, pero quedaron un tanto segregados e separados. Moito do multiculturalismo de que hoxe falamos, a cuestión das múltiples culturas, a presenza do bicultural, do transnacional xa estaba presente nos escritos destes autores.

Entre os persoeiros con quen te relacionaches nos Estados Unidos figuraban destacados galegos. Un deles, por exemplo, Emilio González López. Que contacto tiveches con el?

Os galegos salientaban dentro dos españois republicanos. Constituían o grupo máis homoxéneo. Tense dito que os galegos vivían un dobre exilio, como españois e como galegos, mais

ao mesmo tempo existía a Galicia *de fóra*, pois Galicia tiña as súas raíces emigrantes, e iso facía que os exiliados galegos se adaptasen mellor. Existía a Casa de Galicia de Nova York —eu asistín a algún dos bailes e conferencias que organizaba, como a de Dionisio Ridruejo en 1961—. Aínda sendo un dobre exilio, eles tiñan a sorte de contar con lazos moi estreitos coa comunidade galega emigrante. Don Emilio González López, por exemplo, falaba con frecuencia para os emigrantes; convidábame ás veces.

O meu contacto con don Emilio materializouse nas obras de teatro en vez de actuabamos de cando en vez. *La estratosfera*, de Pedro Salinas, por exemplo; logo estiven un verán en Middlebury con el. Alí existía a escola de verán, unha iniciativa que emprendera Pedro Salinas, logo dirixíraa Francisco García-Lorca; o último dos directores foi don Emilio, e foi el quen, como se sabe, convidou alí a Ramón Piñeiro a dar cursos de verán a partir de 1966.

Eu tíñalle moito respecto a don Emilio porque fora deputado nas Cortes da República e asinara a súa Constitución. Había un libreiro italiano, Cayetano Masa, dono da Librería das Américas, e don Emilio publicou varios dos seus libros alí. Frecuentaba o lugar, onde se organizaba unha especie de faladoiro. Tamén eu pasaba por alí algunhas tardes, naquela zona da rúa Catorce. Como crítico literario, don Emilio non me parecía tan agudo coma Casaldueiro, Ángel del Río Ernesto Guerra Da Cal, con quen eu estudei aló, mais si admiraba a súa gran vontade de traballo: seguía continuamente a publicar libros.

Na túa estada en Nova York trataches tamén a Ernesto Guerra da Cal e a Eugenio Granell? Moito. Por medio de Da Cal entrei na NYU (New York

University), pois foi el quen me recomendou a outro profesor. Era un home de coñecemento extraordinario; eu estudei con el literatura contemporánea, o século XIX, Galdós... Tivo moita influencia en min. O curioso é que, aínda que Da Cal traballaba sobre todo en temas portugueses e brasileiros, tamén publicou unha antoloxía sobre literatura española. Era a época da estilística e Da Cal era un dos grandes teóricos, dos críticos da estilística. No aspecto persoal era un home moi simpático, moi sociable; tamén era máis novo ca outros intelectuais do exilio, o que o facía máis próximo a min.


Eugenio Granell era unha figura un tanto marxinal, que levou unha vida moi dura. Non era profesor, non tiña estudos; era creador, artista, músico, e ao mesmo tempo cun grande interese e coñecemento literario. Alí fixo o doutoramento ao mesmo tempo ca nós, cunha diferenza de idade de vinte ou trinta anos, e el estudaba tamén o doutoramento na New School. Fixo unha tese de doutoramento, que logo publicou, sobre o *Guernica* de Picasso. As cousas fóronlle difíciles, pero era moi querido no grupo español. Recoñecían o seu talento e, máis adiante, cando publicou *La novela del indio Tupinamba* (1959), tivo bastante boa acollida. Como pintor continuaba o surrealismo e relacionábase con algúns pintores famosos, expuxo algunha vez en Nova York, como se descobre lendo o seu currículo, pero esa faceta era algo que nós descoñeciamos: eu vía os seus cadros e en realidade non me impresionaba tanto naquela época; iso chegou despois. Unha das grandes alegrías foi a súa recuperación en España, o seu retorno. Nos anos noventa asistín a moitas conferencias sobre o exilio; a última vez que eu vin, en Tole-

do, uns meses antes de morrer, conservaba aquela chispa, aquela lucidez: foi unha despedida entrañable.

Para min, os máis entrañables dos exiliados españois foron tres galegos: Emilio González López, Granell e Rubia Barcia. A este último trateino moito en Los Ángeles. Moitos volveron para España, mais eles seguiron aquí, e eu recordo con moita emoción a última vez que vin a don Emilio, cinco ou seis meses antes do seu pasamento, nun congreso sobre o exilio que se celebraba en Porto Rico. Recordo a imaxe de don Emilio, coa súa pucha, a despedirse, xa no crepúsculo, a afastarse, parecía Baroja.

Mais si, existía esa ruptura xeracional de que falabamos. Nós eramos a xeración dos *nenos* vencidos: os que se senten vencidos, mais non responsables desa derrota, os que pensan que, se fosen eles os que loitasen, gañarían. En París, en Inglaterra, en todas as partes en que entrei en contacto cos círculos exiliados sempre descubrín esa distancia.

Falaban entre eles da República?
Si, falaban da guerra, falaban da República e falaban contra Franco, diso non cabe dúbida. Por ese motivo a situación era contraditoria, sobre todo no caso de Granell, que logo colaborou con *España Libre* e demais. O contraditorio era que os Estados Unidos, e non a Unión Soviética, eran quen apoiaban a Franco, de modo que estes círculos mantiñan un equilibrio difícil. Por exemplo, a CIA, ou un deses organismos, pagoulle a Ángel del Río para que fose dar conferencias por Hispanoamérica. Daquela a CIA tiña un papel moi importante á hora de atraer eses intelectuais exiliados para que proectasen esa imaxe de liberdade, de mundo académico...



En Nova York acabas os estudos, obtés un posto docente e instálaste no outro lado dos Estados Unidos, en California. Estamos a mediados dos sesenta, empeza a contestación contra a guerra de Vietnam e entras no ambiente da contracultura, que está a florecer nesa época.

Eu xa viña influído pola figura do *outsider*, polos *beatniks*; xa lera a Kerouac, a Ginsberg e demais. A miña muller, que era bastante máis nova ca min aos seus vinte ou vinteun anos, fíxose parte deste movemento. Vivimos con bastante intensidade a cuestión contestataria. Realmente eu xa a vivira en España, de xeito que para min foi unha continuación da loita contra o SEU, contra o franquismo, aínda que en España fóra moito máis perigoso, sen dúbida ningunha.

Nós dicimos que dalgún modo, efemeramente, en España vivimos o maio do sesenta e oito no cincuenta e tres e cincuenta e catro, ao rebelarnos contra o franquismo. Despois, nos Estados Unidos, xa fun

parte dese movemento do sesenta e oito en sentido estrito, malia que a min xa me colleu algo máis vello: xa tiña trinta e catro ou trinta e cinco anos.

Mais nos Estados Unidos o compositivo contracultural era máis marcado.

Si, era outra cousa. San Francisco vivía o *verán de amor*. No ano sesenta e cinco ou sesenta e seis frecuntei aqueles barrios, asistín a concertos, coñecín aquel mundo da revolución das flores... Había ademais un grupo hippy que se instalara nas montañas, o Mountain Drive; había poetas, pintores, músicos... Formouse todo un movemento contracultural. E eu integreime nese grupo contracultural. Participei en todo ese movemento cunha actitude un tanto crítica, sempre, na miña calidade de español, porque na realidade eu seguía coa idea daquela da guerra, de España, da República... Eu impliqueime moito cos estudantes, formouse unha fronte unida que a min me recordaba a Fronte Popular de España, por exemplo.

Todo iso tamén me separou dos españois que había aquí, profesores como Rubia Barcia, por exemplo. Eles estaban moi á marxe desas cuestións, se cadra tamén pola idade. Víano con outros ollos e o anticomunismo non deixaba de estar presente.

Había un sector contracultural e un sector de radicalismo político, incluso violento.

Así é. Eu integreime máis no aspecto político, aínda que non nas correntes violentas. Desde a miña estadía en Nova York eu estaba moi en contra da política dos Estados Unidos cara a Latinoamérica, coas súas intervencións: Porto Rico, Santo Domingo, Haití, Bolivia... Daquela comezaba a pórse de moda a cultura latinoamericana, a música, a literatura, e o meu interese era moi fondo. Tamén era un momento moi intenso no plano político: a revolución cubana nun principio, o Che. Eu estudara bastante a César Vallejo, a Mariátegui, a reforma universitaria do dezaoitto. En certo sentido eu era representante dun coñecemento profundo dos movementos da América Latina e, por tal razón, tiven bastante influencia sobre a mocidade chicana. Integreime no movemento chicano en calidade, por así dicilo, de mestre, de asesor, de mentor, sempre orientando cara á unión con América Latina. Logo viaxei a México varias veces, no sesenta e oito, sesenta e nove...

O hispanismo norteamericano móstrase —ou mostrouse— un tanto descomprometido respecto da realidade social dos hispanos nos Estados Unidos, da cultura latinoameiricana, das relacións dos Estados Unidos con América Latina.

Xa desde Nova York, eu vivo vinculado desde o mundo académico cos estudos coa rúa, cos movementos sociais, cos latinos, cos portorriqueños, cos cuba-



nos... Eu atribúolle esa falta de implicación dos outros, en primeiro lugar, á derrota da República: chegaron aquí como derrotados, non quixeron complicarse outra vez en novos problemas, non quixeron manchar as mans. En segundo lugar, cómpre recordar que logo chegou McCarthy, que desencadeou unha caza de bruxas que aterrizou a toda a esquerda norteamericana: os exiliados españois eran, loxicamente, moi sospeitosos. Finalmente, non se pode esquecer o que implica ser estranxeiro nun país onde non intervés: illáronse en si mesmos.

O hispanismo americano, ao principio con certo *racismo*, ímolo dicir así, cara a América Latina, pretendía separar o español do hispanoamericano. Certo é que na Universidade de Columbia sempre houbo moita fusión no programa cultural: a Casa Hispánica, Federico de Onís, Ángel del Río, presenza de todos os visitantes hispanoamericanos famosos, organización de actividades culturais... Federico de Onís quixo darlle un novo rumbo, vincularse coas escolas, saír da torre de marfil do mundo

académico. Así e todo, é certo que, polo xeral, o hispanismo foi bastante conservador.

Na túa autobiografía novelada fas un relato interesantísimo das túas viaxes, e quizais un dos máis impresionantes sexa a crónica da túa viaxe a Chile, onde estiveches semanas antes do golpe contra Allende. Que clima se vivía? Percibíase o que ía ocorrer?

En España a forza cultural e ideolóxica do franquismo xa non existía nos cincuenta, pero neses anos o sistema quedara implantado coa axuda dos Estados Unidos e de Europa. Así, eu pasei bastantes anos desvinculado de España; ía de visita algún verán, mais a principios dos sesenta, cando despois do primeiro contacto vin que aquilo non tiña traza, que ía haber Franco ata que morrese, pasei a identificarme máis con outras realidades. Falamos da época da revolución cubana e de todos eses movementos políticos. Chile entusiasmeime moito, se cadra, pola vinculación con Neruda, e porque fora unha vitoria democrática do socialismo: malia eu

ser bastante revolucionario, xa no de Cuba vira aspectos que me recordaban, salvando as distancias, a España franquista; a ditadura do proletariado e esas cousas non me gustaban en absoluto.

Cando xurdiu o de Chile, había aquí, nos Estados Unidos, movementos de apoio; eu participaba en todos estes grupos de traballo con El Salvador, Nicaragua, Chile... Amais do anterior, para entón a miña posición teórica, un elemento tamén importante nesta historia, xa estaba consolidada; tardei algo de tempo, pero a partir do sesenta e seis ou sesenta e sete xa me vinculei co marxismo creativo: Gramsci, Lukács, os responsabilidade do escritor... Comecei entón a traballar sobre a creación colectiva, os grupos de teatro etc. Un verán pretendía escribir un libro sobre a creación colectiva e tiña a esperanza de pasar un ano sabático en Chile, ver o que alí había, que cultura estaba a xurdir da unidade popular e dese experimento de que tanto se falaba, o socialismo democrático. Ao chegar aló, a finais de agosto de 1973, con tantas ilusións, pensando que ía vivir o que non vivira en España, levei unha decepción ao ver que estaba practicamente na España da véspera da guerra civil: o país estaba bloqueado, a extrema dereita conspiraba co apoio da CIA; a extrema esquerda maoísta berrando, a división... Foron uns días que quedan moi ben descritos na miña novela, coído.



Existía a idea de que se ía gañar, pero eu axiña me sentín pesimista: vin que a situación era de acurralamento. Allende nin sequera esperaba o golpe, dicía que había tradición democrática, mais estaba sometido a un acoso total. Así o describo; cando escoitei falar a Allende nun dos seus últimos mítins, desde un balcón no Palacio da Moneda, nas vésperas do golpe,

diante dunha manifestación de apoio ao goberno. Aínda lle vexo o brillo dos ollos, a través dos lentes —estaba anoitecendo—. Unha manifestante berrou “Mano dura, mano dura!”, e el contestou “Compañera, no puedo, no puedo *ni quiero*”. Despois púxose a falar sobre como debe ser a persoa no socialismo. É unha figura realmente grandiosa, Allende, é un deses políticos que foron crecendo co paso dos anos. Aos poucos días, o golpe de Pinochet, o pasamento de Neruda, a morte de Allende: revivín o de España outra vez.

Volvamos a California. Aquí tamén trataches persoeiros moi interesantes. Coñeches, por exemplo, a José Rubia Barcia, sobre o cal tes escrito.

En efecto, publiquéi algunhas cousas sobre el e pretendo publicar máis. Interésame tanto o teatro coma o seu libro *Umbral de sueño*. Coido que é un libro que debería figurar nas historias da literatura como unha achega orixinal e valiosa da narrativa española da posguerra. A Rubia Barcia admireino porque era un dos integrantes máis novos do exilio e o que en maior medida mantivo ese compromiso coa República; nos seus artigos, por exemplo. Recordo o caso duns mariñeiros españois que pediron asilo nos Estados Unidos; o goberno americano non llelo quería dar, por presións de Franco, e Rubia Barcia participou nunha campaña en prol deles. Custoulle moito traballo que lle desen a residencia, loitou e pelexou moito, mais ao mesmo tempo labrouse unha posición: foi durante moitos anos director do departamento en Los Ángeles. Alí era unha persoa moi querida; creou unha escola, organizou un grupo de doutorandos... Un estudioso moi sólido.

A súa dona, Eva, fora actriz nos anos corenta e cincuenta. Era filla de mexicana e de espa-



Buñuel foi unha grande inspiración para min, sobre todo canto á capacidade creadora, ao ilimitado da imaxinación, cristalizado en frases buñuelianas como

“A imaxinación é libre; o home, non”

ñol. Viñeron para acá, para os Estados Unidos, desde Chihuahua. O pai tiña un grupo de teatro, mais falamos do teatro no estadio anterior. O teatro chicano, que viría despois, estaba mal visto no mundo académico: era revolucionario, contestatario, non era o teatro convencional. Eu síntome moi orgulloso do traballo que fixen para que se aceptase ese mundo, para que empezasen a existir profesores chicanos; traballaba cos afroamericanos, as minorías. Ese é un dos labores dos cales me sinto máis orgulloso; mesmo diría que lle demos un novo perfil ao hispanismo. Logo agromou o hispanismo marxista: Carlos Blanco Aguinaga, Iris Zabala, Julio Rodríguez Puértola, aquela famosa historia social que publicaron... Nos anos sesenta, e aí eu xa fun protagonista, démoslle un xiro ao hispanismo, abrillo a Hispanoamérica, abrillo aos chicanos, ás minorías...

Non sen certas contradicións e tensións.

En efecto, porque eramos un grupo... un grupúsculo. Iris Zabala marchou a Amsterdam e a Barcelona, deixou o seu posto aquí, quixo volver, e ninguén a quixo acoller. Pero logo, xa nos últimos dez ou quince anos, o panorama abriuse totalmente: os estudos culturais, a teoría do hispanismo español xa está vinculado...

Parece, non obstante, que seguen a existir certas tensións. Percíbese, por exemplo, que entre o profesorado abundan os perfís e os intereses clásicos, e senten certo desprezo

cara a este novo hispanismo dos estudos culturais ou poscoloniais, ou que mesmo consideran que o mundo latinoamericano é de segunda categoría académica.

É certo que aínda existen estas actitudes. O que ocorre é que se está a producir un relevo xeracional: eses expoñentes van quedando cada vez máis illados. O meu labor aquí, cómpre recordalo, foi o dunha persoa moi marxinal dentro do departamento; víanme con certa prevención. E mais ao final cheguei a ser o director do departamento e, con Avalor-Arce, démoslle este impulso a abrir os estudos hispánicos ás linguas e ás culturas peninsulares: catalán, vasco, galego...

Falamos dunha mudanza máis recente.

Si, foi un xiro dado nos anos oitenta ou noventa, un xiro igual de importante que se empeza a sentir hoxe. Tamén neste caso se rexistraron certas resistencias, mais tamén houbo figuras brillantes, como Joan Ramón Resina, agora en Stanford, que conseguiron ir abrindo ese camiño.

Inflúe tamén no cambio de orientación do hispanismo universitario a mudanza, se é que a houbo, do público? Existe a sensación de que os profesores de hispánicas, ou de español, adoitabades falar para un público universitario anglosaxón e de elite, cando agora parece que o voso público o conforman hispanos en moita maior medida.

En efecto. O público orixinal segue a existir, mais dise que nos

Estados Unidos hai corenta ou cincuenta millóns de hispanos. Falamos de netos, de segundas e terceiras xeracións que queren recuperar a súa lingua, a súa cultura: ese si é un novo hispanismo que está a xurdir. Nese sentido síntome orgulloso, porque, cando case ninguén se inclinaba por estes temas, eu empecei a abrir ese camiño. O Instituto Cervantes acaba de publicar unha enciclopedia do español nos Estados Unidos: mil duascenas páxinas. Velaí a súa importancia. O curioso é que eu empecei agora, xa xubilado, a tratar a literatura en español dos Estados Unidos. É algo totalmente absurdo que os grandes hispanistas do século XX ata hai ben pouco non recoñecesen a importancia destas realidades. Pensemos que *Nuestra América*, ese gran texto literario de José Martí, se publicou nun xornal de Nova York. A tendencia de que antes falabamos é arquiconservadora, pois pasa de conservadora, aínda habendo exemplos de apertura de teorías, como é o caso de Américo Castro.

Quizais sexa o reflexo dunha visión do maxisterio como preservación do canon clásico, cunha devoción que converte os profesores nunha especie de sacerdotes, cando hoxe vemos que o canon en por si abala, que hai un cambio de paradigma.

En efecto, hoxe falamos xa de *literatura en español*, transnacional; hai investigadores, como Silvia Bermúdez, que traballan no mesmo plano con autores españois e hispanoamericanos; nas clases que eu imparto, por exemplo, agora mesmo estamos

a tratar a vangarda, e falamos de *Residencia en la tierra*, pero tamén de *Poeta en Nueva York* e *La edad de oro* de Buñuel. Aquí estamos a falar doutro terreo que me tocou abrir a min e que hoxe xa gañou moito espazo no hispanismo: o do cinema e a literatura. En certo modo é a resposta ao que ocorreu en España, a Transición, a chegada da España democrática, impulsou, non cabe dúbida, un auxe artístico e cultural, que pola súa vez influíu no hispanismo dos Estados Unidos; todo este movemento cultural, artístico e literario de España fixo que se abrise tamén o hispanismo nos Estados Unidos.

Un dos teus traballos precursoros neste sentido versa sobre Buñuel. Cal é a túa visión da súa obra?

Ben, velaquí dous dos meus principais libros [*sinala dous volumes que están sobre a mesa*]. Vese que hai un salto do un ao outro. De *La marcha al pueblo en las letras españolas: 1917-1936* síntome moi orgulloso porque se leu moito en España, entre o profesorado novo. Eu fixen un libro de trescentas páxinas cando nas historias literarias daquela época se lle dedicaba a ese tema un parágrafo, ou unha páxina como moito. Con todo, e aínda que o enfoque é de Gramsci, nel son quizais demasiado partidista, caio en certo dogmatismo; aínda que se percibe a influencia de Casaldueiro e de Da Cal en certas análises de textos, pechárame demasiado no histórico e no social, en ver a literatura en función da sociedade, da cultura. Nese sentido chegou a miña apertura aos estudos culturais, e o gran descubrimento foi comezar a traballar con Buñuel. Estamos a finais dos anos setenta, en 1979: foi empezar a estudar a Buñuel e abrírseme todo un novo campo, o da extraordinaria imaxinación buñueliana.



Víctor Fuentes a finais dos anos 70

Abríronseme unhas perspectivas sobre a creación que pola súa vez me levaron ao surrealismo, a ler a Freud, á psicanálise, aos procesos inconscientes, e xa non tanto a Lukács e outras reflexións demasiado racionais, con elementos como a conciencia de clase, a cultura de clase, o colectivismo. Por medio de Buñuel, pois, abríu ese camiño, que foi unha grande inspiración para min, sobre todo canto á capacidade creadora, ao ilimitado da imaxinación, cristalizado en frases buñuelianas como “A imaxinación é libre; o home, non”. O meu primeiro contacto con Buñuel foi grazas a Joaquín Casaldueiro. Impartía unha clase de teatro clásico, Lope de Vega etc.; unha tarde chegou e púxose a falarnos de Buñuel, porque acababa de ver *Viridiana*. Puxo así esa semente: igual que estudamos a Valle-Inclán e a Galdós, temos que estudar a capacidade de fabulador, de narrador, de ensaísta e de pensador de Buñuel. Por que non vai ser parte do hispanismo? Non só polo seu cinema; cómpre recuperar a súa personalidade de autor. Eu miro a narrativa española e vexo catro grandes nomes: Cervantes, Galdós, Valle-Inclán e Buñuel.

Ti chegaches a coñecer a Buñuel en México.

Na miña vida teño coñecido varias persoas importantes, mais entre autores e escritores non houbo ningún como Buñuel. Foron impresionantes a súa sinxeleza, o seu cariño, e iso que non me coñecía. Si lera o libro, aínda que na primeira edición soamente o citaba nunha nota. Tense comentado que na primeira edición só o citaba nunha nota e que na segunda xa aparece en varias páxinas; iso marca a influencia que Buñuel tivo sobre min. Era un home moi amable, moi acolledor. Tamén me influíu o último Buñuel, o do sentimento relixioso. A pesar diso que dixó que era “ateo grazas a Deus”, realmente é un espírito moi relixioso. Xa en *La edad de oro*, que parece unha obra irreverente ata o escándalo, e sobre todo en moitas das últimas obras que non asinou, aparecen valores do evanxeo e da relixión que, na miña opinión, con independencia de que se teña ou non se teña fe, son moi importantes, valores como a bondade. Por exemplo, hai unha frase que eu cito sempre nos meus traballos sobre Buñuel: “Onde atopar os tesouros de bondade e de intelixencia

que nos poderán salvar algún día”. El pon a bondade antes ca a intelixencia.

Nas súas últimas obras, algunhas das que non chegou a facer, obras en que trata o tema relixioso, recupera en marcada medida cuestións como o perdón. Nese sentido percíbese unha relación con Galdós, de quen el di que foi a súa maior influencia: a misericordia, a piedade, a paixón, a bondade son valores centrais no último Buñuel, e tamén me axudaron a min na miña concepción do mundo, nos meus sentimentos. Para escribir o último capítulo do libro, o ciclo teolóxico, que trata de Deus no cinema de Buñuel, reuníme cun relixioso dominicano, o padre Julián Pablo, de México, que acompañou moito a Buñuel nos seus últimos anos. Este relixioso contoume algo que afirmaba o autor ao final da súa vida: “Isto de ser ateo xa está *demodé*”. Así mo contou o padre no ano 2004. Mais o certo é que, cando eu me entrevistara con Buñuel, el mesmo me dixera: “Teño aí un amigo dominicano e estou vendo se o converto ao ateísmo”. E unha das últimas frases de Buñuel que lle dixó ao padre Julián Pablo foi: “Vostede cre en Deus e eu, no misterio: cal é a diferenza?”

Despois de tantos anos fóra do teu país, que sentes cando botas a vista atrás?

Lembro que, cando saín de España como prófugo do servizo militar, en 1954, na primeira poboación do outro lado da raia de Francia había un miradoiro, cun río, e unha cincuenta de velliños que miraban para España cos ollos chorosos. Eu pensaba no meu interior que aquilo era de tolos, porque para min aquela viaxe significaba saír, liberarme. E mais ao final, nestes últimos vinte anos vexo que me aproximó moito a aquela estampa, a aquelas persoas, pois todo o traballo que desenvolvín

aquí e toda a vida que vivín aquí foi a dunha persoa exiliada. Aínda que o exilio terminou, aínda que desde 1962 eu tiña a posibilidade de visitar España, aínda que puider volver, xa non atopaba o que buscaba: velaí a idea do exilio.

Sempre me considerei persoa no exilio, como crítico e como escritor. Aínda máis hoxe, cando xa deixei a crítica e me metín neste labirinto da autobiografía e da memoria. Sen dar-me de conta vexo que estou no mesmo mundo e que sigo o mesmo camiño —sen empezar sequera a compararme con eles, claro está— ca Lukács, ca Bakhtin, ca Nabokov, todos estes grandes escritores que foron exiliados. Non me comparo de maneira ningunha con eles, pero comprobo que case todos os temas que eles tocan son os mesmos que eu fun traballando sen me decatara. Por exemplo, cando leo que Lukács dicía que a forma da novela é a expresión da transcendencia do estar sen fogar, cando leo que Adorno afirma que o exiliado non ten casa, reconeço actitudes vitais que eu vivín. Ou cando o mesmo Bakhtin di que a novela presume de certo descentramento verbal e semántico do mundo de certezas ideolóxicas, sen fogar lingüístico da conciencia literaria, eu vexo que así é tanto en *Morir en Isla Vista*, a miña novela, coma nestas memorias que acabo de publicar na Fundación Jorge Guillén, *Biografía americana*, crónica miña e do país.

Hai excelentes teóricos españois do exilio, e é este un tema sobre o cal teño aprendido moito. Desde os anos noventa empeza a se recuperar o tema do exilio en España con profusión de congresos, e teño participado nalgúns deles, como sabes, como o dos escritores galegos; tamén teño lido moito. E hoxe, máis ca crítico literario, considérome xa escritor exílico, e metido


nesta idea xa á fin da vida. Lin moita literatura de diarios, de memorias, Santo Agostiño, Montaigne, Rousseau, e estou tratando de facer unha triloxía de literatura autobiográfica, amais de seguir co meu traballo. A miña triloxía da memoria vai concluír; logo quizais siga con diarios. Esa xa é unha aposta miña, profundar na vida, que é como un río, pór-lle diques a esta vida cara a onde vai.

É así porque ti tes unha faceta de historiador do exilio, pero tamén tes a túa vivencia do exilio.

Exacto. Leo moito a Ricoeur, que fala da memoria como recoñecemento e afirma que a historia non reconece, senón que reconstrúe. Case toda a miña vida profesional de crítico foi histórica, reconstrución, e agora a miña obra creadora vai ser memoria, recoñecemento. É curioso que case todos os autores que estudei a fondo eran exiliados, empezando coa miña tese de doutoramento sobre Benjamín Jarnés, o mesmo Buñuel... Do século XX puider escribir sobre os anos cincuenta ou sesenta, sobre Goytisolo, sobre Benet, pero o curioso é que me centrei, sen un proxecto preconcebido, nos escritores do exilio, na literatura do exilio. Outro dos meus proxectos, aínda que xa non teño esa enerxía como crítico literario, sería unha historia da literatura española do século XX en que entrasen todos eles, pois non creo que siga a ser válida a distinción entre literatura española e literatura do exilio.

Cres que hoxe en día xa está plenamente reasumido en España o que significou culturalmente o exilio?

Non de todo. Aínda se fala de literatura do exilio, de cultura do exilio. Con todo, si se ten feito moito labor de reconstrución e de recuperación.



Como ves ti o debate sobre a memoria, tan vivo agora mesmo en España, este esforzo pola recuperación?

Paréceme moi ben, mais sempre mirando para o futuro. Eu penso que, con todos os seus defectos, a Transición foi axeitada nese sentido. Sempre existía a dúbida do que ía ocorrer despois de Franco: volveríase á guerra? Aos crimes? Ao de “ti fíxeches tal, ti mataches a cal”? Eu coido que o paso estivo ben dado: non esquecer, mais si superar, chegar a ese entendemento. Ao mesmo tempo co propio PSOE tratáronse de esquecer moitas cousas, algo que para a historia e para a cultura foi imperdoable: hai que coñecer a historia para non repetila. Por exemplo, e creo que o escribo nun dos meus libros, oio que a Igrexa (e eu

estudei cos xesuítas que tal fixeron) santificaron os mártires e digo: moi ben, está ben, que os fagan beatos ou mártires, pero que pasa cos milleiros de inocentes asasinados no outro lado? Non teñen dereito a que os desenterren os seus familiares? Eu creo que, se se expresa así, ben se pode comprender.

Penso que o importante é seguir nesta harmonía, seguir adiante, cos estatutos e coa España plural, e saber o que pasou. Obviamente todos os netos teñen dereito a saber onde mataron o seu avó, pero non a tratar de dividir outra vez e crear de novo esas dúas Españas.

Quero terminar falando do aspecto positivo do exilio. A idea de cruzar fronteiras, romper barreiras, a pluralidade da visión, o ter un contrapunto, saber

que existe aquilo de alá, mais tamén isto de aquí: nese sentido vexo que o exilio foi para min algo positivo. Oxalá chegue un mundo en que non haxa exiliados, sen dúbida, mais quero facer ver que neste mundo cheo de exiliados hai un aspecto positivo. Para min unha parte e unha dimensión esencial da vida humana é o exilio, a idea de vida nomádica, descentrada, o que aprendes doutros mundos, doutras culturas. E así termino: peregrino ■